

# CARAVANA DE PAZ

John Ford, 1950

# 989

ESTREA EN NUMAX: 07.08.2022 | V.O.S.E. | 86 min

Travis e Sandy son dous mozos tratantes de cabalos que aceptan a oferta de guiar unha caravana de mormóns cara o Oeste, onde o grupo pretende instalarse e cultivar a terra. No camiño úneselles un trío de artistas ambulantes, composto por unha parella maior e a moza Denver, de quen Travis remata namorando. O seu encontro cos Clegg, foraxidos a quen persegue a xustiza, complicará a súa viaxe.

«Unha das obras mestras de Ford menos apreciadas»

William Thomas. EMPIRE



## Colectividade, música e movemento

A colectividade é un dos temas máis grande e máis persistentes de Ford e sae a relucir neste *western* a pequena escala sen estrelas. A trama céntrase nas diversas interacción entre media dúcia de grupos distintos: foraxidos intratables, comerciantes de cabalos, mormóns viaxeiros que contratan aos comerciantes de cabalos para que lles axuden, xente do espectáculo, axentes da lei e indios. Ademais, pode que sexa o máis preto que estivo Ford de facer un musical, outra forma que adoita ser de espírito colectivo.

- Jonathan Rosenbaum

Ford dicía que de todos os seus filmes "*Caravana de paz* foi o que máis se achegou ao que eu quería conseguir". Trátase do "*western* máis sinxelo e máis puro que fixen".

A maxia radica na sensualidade da súa fotografía en branco e negro, no modo en que a luz se derrama sobre as paisaxes e os ríos e en que a xente se asoma ante esa marabilla. Tamén está a música. *Caravana de paz* é un musical, unha *suite* composta por diversos números, por extensas viñetas sobre temas do Oeste -a partida de poker, a venta de cabalas, o atraco ao banco, a sede do deserto, o baño no río, os cabalos desbocados, o baile indio, a flaxelación, a terra prometida- poboada por personaxes típicos do Oeste -foraxidos, familias en peregrinación, vaqueiros, xente do lugar, xente da farándula, indios-. *Caravana de paz* trata de tales personaxes, das persoas que neles alentan e das liñas en movemento que compoñen en pantalla.

Importa menos a onde vaian que o feito de que estean en movemento. Do mesmo modo, o misterio dos personaxes de Ford non estriba no que logo farán, senón en que agora estean vivos. O que lles pase e o que fagan importa menos que o que son e no que se converten ao facelo. En *Caravana de paz*, a xente límitase a "vivir". Nós observámoslos. Observar a Wiggs sacarlle punta a un anaco de madeira é algo marabilloso.

Podemos observar que Sandy e Prudence coquetean desde o primeiro momento, pero sempre en segundo plano, sen que Prudence abra nin unha soa vez a boca; por iso, ao mellor non nos decatamos a primeira vez que vemos o filme. Se nos fixamos ben, o cortexo ten un ornato propio da *commedia dell'arte*. O coqueteo entre Travis e Denver, en cambio, aparece sempre en primeiro plano, aínda que os matices da súa linguaxe corporal lle dean unha sutileza inusitada.

Nos filmes de John Ford, o acto de cantar sinala a existencia de vínculos profundos entre persoas. Os fillos cántanlles aos pais en *Que verde era o meu val!* (1941), os campesiños cántanlle ao seu cura n'*O fuxitivo* (1947); o acto de cantar sinala a aceptación de Sean Thornton na comunidade d'*O home tranquilo* (1952) e convértese en símbolo de camaradería en *Río arriba* (1930).

Cando os comediantes se unen á caravana de paz, o tambor de Francis Ford únese ao corno da irmá Ledeyard e ao pínfano dun veterano mentres, Sandy xoga con Prudence, e pon a todos en movemento. Noutro momento do filme, a música plásmase mediante imaxes en movemento; citar dous dos planos máis soberbios da obra de Ford mediante dous fotogramas é como pretender citar con só dúas notas unha canción enteira.